



## Concello de Oza-Cesuras

### SAN XOAN 2021

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, maior de idade, veciño de \_\_\_\_\_, con domicilio no lugar do \_\_\_\_\_ provisto de DNI núm. \_\_\_\_\_, en nome propio,

#### COMUNICA:

Que, con motivo da celebración de SAN XOAN ten a intención de facer unha lumeirada/churrascada/sardiñada no terreo particular que seguidamente se sinala e nas condicións que se especifican:

|                                         |  |
|-----------------------------------------|--|
| DATA E HORARIO                          |  |
| LUGAR - PARROQUIA                       |  |
| REFERENCIA CATASTRAL                    |  |
| PERSOA RESPONSABLE                      |  |
| TELEFONO DE CONTACTO DO RESPONSABLE (*) |  |
| MATERIAL A QUEIMAR                      |  |

(\*) O responsable responsabilizarase de avisar á autoridade ou aos servizos de emerxencia

Para estes efectos declara que o lugar onde se pretende realizar a fogueira conta con infraestructuras apropiadas para tal fin, comprometéndose a adoptar as seguintes MEDIDAS DE SEGURIDADE E PREVENCIÓN:

a) MEDIOS PERSOAIS: A organización comprométese a destinar a 2 persoas colaboradoras para que se dediquen exclusivamente e durante todo o tempo en que dure a lumeirada, a labores de vixilancia e control da fogueira.

b) MEDIOS MATERIAIS: A organización comprométese a ter alí, ao pé da lumeirada, a seguinte dotación: Ao pé da fogueira haberá unha manguera conectada á traida municipal de auga \_\_\_\_\_.

Igualmente comunica que se comprometen a adoptar as seguintes medidas de seguridade e prevención de incendios forestais e normas e recomendacións das autoridades sanitarias sobre a necesidade de garantir as distancias de seguridade pola crise do COVID-19.

- 1.- O lugar de ubicación non suporá perigo para persoas e bens.
- 2.- Se sinalará unha persoa responsable e un número de teléfono de contacto, debéndose responsabilizar de avisar á autoridade ou aos servizos de emerxencia.
- 3.- Porase especial coidado de non situar as fogueiras baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, separando as fogueiras dos mesmos así como das leñas apiladas e se comprobará que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- 4.- Ten a obriga de ter limpo un radio de 5 metros ao arredor da fogueira así como ter cerca unha manguera ou outros medios para o debido control da mesma, no caso de ser necesario.
- 5.- A separación entre as fogueiras e os edificios e árbores serán como mínimo de 12 metros, excepto no núcleo urbano.
- 6.- No suposto de que a fogueira se faga sobre terreos de uso público enlousados, os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de area de, a lo menos, 10 cms.
- 7.- Ao lado da fogueira haberá auga suficiente para extensión do lume e apagado total da mesma (mangueras con auga da traida, pozo ou cisternas)
- 8.- Deberá de terse a debida precaución de non situarse no lado oposto ao vento.

## Concello de Oza-Cesuras

---

- 9.- Está totalmente prohibido facer a fogueira no asfalto.
- 10.- O desenvolvemento da celebración das fogueiras deberá axustarse ao permiso concedido e ás ordenanzas municipais.
- 11.- Disporase no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción da fogueira.
- 12.- En zona urbana, o volume de combustible da fogueira non sobrepassará os 6 metros de perímetro, nin un metro de altura.
- 13.- En zona rural, o volume do combustible da fogueira non sobrepassará os 3 metros de perímetro/diámetro nin os 3 metros de altura.
- 14.- Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, escumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fumes tóxicos.
- 15.- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- 16.- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co horario establecido no Decreto da Xunta de Galicia, para celebrar festas e romarías populares.
- 17.- Será obrigatorio limpar o espazo autorizado ao rematar a actividade, incluídos os elementos utilizados para desenvolve-la, inmediatamente despois de rematar a celebración.
- 18.- Ao finalizar a lumeirada e antes de abandonar o seu lugar de celebración, os responsables da organización coidarán de que as cinsas queden totalmente apagadas.
- 19.- A fogueira permanecerá vixiada ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga.
- 20.- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- 21.- Nas fogueiras que se celebren en espazos públicos terán prioridade as asociacións veciñais e culturais.
- 22.- As organizacións atenderán as indicacións de Protección Civil.
- 23.- Lembre, en caso de perigo ou incendio chame ao 085 ou 112 (chamada gratuita)
- 24.- O/A solicitante será sempre responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.
- 25.- A autorización outorgase sen prexuízo de calquera outra concorrente e non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de que concorrera negligencia ou imprudencia.
- 26.- O petionario consultará o índice de risco diario de incendio forestal no seguinte enderezo electrónico:  
[http://mediorural.xunta.gal/nc/es/areas/forestal/incendios\\_forestales/irdi/](http://mediorural.xunta.gal/nc/es/areas/forestal/incendios_forestales/irdi/) para axustarse a súa actuación o dito índice.
- 27.- Non se permiten as lumeiradas, barbacoas e sardiñadas en pistas deportivas, parques e demais espazos públicos.
- 28.- A reunión de persoas en dita celebración adecuaranse en todo momento as normas hixiénico-sanitarias e de número de persoas permitidos pola normativa estatal e autonómica vixente a 23 de xuño de 2021 así como ás normas e recomendacións das autoridades sobre a necesidade de garantir as distancias de seguridade pola crise do COVID-19.
- 29.- A presente comunicación non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas a que houber lugar no caso de producirse un incendio polo uso do lume cando concorra negligencia ou imprudencia así como incumprimento das medidas de seguridade e prevención de incendios forestais e normas e recomendacións das autoridades sanitarias sobre a necesidade de garantir as distancias de seguridade pola crise do COVID-19.

Oza-Cesuras, \_\_\_\_\_

(sinatura)